

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente 2398/2021

Esta Alcaldía delegou, mediante resolución de 25/06/2019, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:


“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado suxeito a regulación harmonizada e trámite ordinario e varios criterios de valoración do expediente denominado **“CONCLUSIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO SUJETO A REGULACIÓN HARMONIZADA DEL “ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DE PROYECTOS Y DIRECCIÓN DE OBRAS DEL AYUNTAMIENTO DE LALÍN”**, conformado polos seguintes lotes:

LOTE NÚM. 1: Proxectos de edificación, rehabilitación e reforma de edificios.


LOTE NÚM. 2: Proxectos de urbanización e estruturas en espazos públicos.

LOTE NÚM. 3: Proxectos de infraestruturas e redes urbanas.

, así coma o informe emitido pola Intervención Municipal de data 31 de decembro de 2021 e o informe emitido pola Secretaría Accidental de data 31 de decembro de 2021. 

Xa que logo, con base no anteriormente exposto e de acordo coas atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a



Xunta de Goberno Local, tendo en conta a necesidade de axilizar os trámites para seleccionar aos adxudicatarios que levarán a cabo os contratos baseados e, xa que logo, contar á maior brevidade posible cos proxectos, imprescindibles para acometer obras imprescindibles para o exercicio das competencias municipais propias; razóns polas cales resulta preciso axilizar a tramitación administrativa e do expediente.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación denominado “**CONCLUSIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO SUJETO A REGULACIÓN HARMONIZADA DEL “ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DE PROYECTOS Y DIRECCIÓN DE OBRAS DEL AYUNTAMIENTO DE LALÍN”**”, conformado polos seguintes lotes:

LOTE NÚM. 1: Proxectos de edificación, rehabilitación e reforma de edificios.

LOTE NÚM. 2: Proxectos de urbanización e estruturas en espazos públicos.

LOTE NÚM. 3: Proxectos de infraestruturas e redes urbanas

a través de procedemento aberto simplificado suxeito a regulación harmonizada, trámite ordinario e varios criterios de valoración, de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117.1, 131.2, 156, 159 e 219 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017.

Terceiro.- De conformidade co establecido nos artigos 116.1 e 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017 é preciso acreditar a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

A motivación da necesidade de realización do contrato derívase das propias competencias municipais xa que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL) establece: O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

a) *Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

(...)

d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

(...)

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

(...)

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*



(...)

Para o desenvolvemento destas competencias o Concello precisa contar con documentación técnica (proxectos, memorias, plans de seguridade e saúde, etc) imprescindible para executar as obras necesarias para materializar o exercicio destas competencias. Tamén precisa contar con persoal técnico necesario para levar a cabo as labores técnicas de Dirección de Obra, Coordinación de Seguridade e Saúde.

Doutra beira, contar cun inventario dos investimentos a realizar así como cos correspondentes proxectos técnicos facilita e axiliza o trámite de solicitude de subvencións e expedientes de contratación; contribuíndo, xa que logo, a un funcionamento máis eficiente da Administración pública; máxime tendo en conta que o Concello de Lalín é un dos máis extensos da provincia de Pontevedra, con cincuenta e dúas parroquias e multitude de lugares, o que fai que sexa moi complicado chegar con dilixencia a todas as necesidades que demanda a veciñanza.

Polo tanto, tendo en conta a sobrecarga actual dos servizos técnicos municipais, faise preciso recorrer a medios alleos para desenvolver os traballos descritos, sendo insuficientes os medios municipais para o desenvolvemento do servizo.

Cuarto.- Aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas e os seus Anexos e os Pregos de Prescricións Técnicas asinados con data de 29 de decembro de 2021, e incorporar ditos ao expediente.

Quinto.- Autorizar o gasto por importe máximo de 600.000 €**anuais (IVE incluído)**, con cargo á aplicación orzamentaria 2020/0/920/64000/01.

En todo caso, tal e como sinala o artigo 174.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no suposto de tratarse dun gasto plurianual a realización do mesmo queda subordinada ao crédito que para un dos exercicios autoricen os respectivos orzamentos do Concello.

Sexto.- Nomear responsable do Contrato a D. Hervé Fernández Estévez, arquitecto técnico municipal e notificarlle o presente acordo.

Sétimo.- Publicar no DOUE e na Plataforma de Contratación do Sector Público o presente acordo así como o anuncio de licitación do contrato segundo o previsto nos artigos 117.1 e 135 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017.


Mandouno e asinouno en Lalín,

O Alcalde,
José Crespo Iglesias.

Diante de min: A Secretaria Accidental

Fátima Cortizo Seijas





Laínmcero

Contratación



Concello de Lalín

Documento asinado dixitalmente á marxe

L

K

M

O



Cod. Validación: AHNH3T9R4KZJKZK5L5TSA9QXV | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4